



Resolución do 21 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a listaxe definitiva de centros beneficiarios para participar no programa “EduExchanges” de intercambio de alumnado con centros educativos doutros países da Unión Europea durante o curso 2017/2018.


De conformidade co apartado décimo da Resolución do 19 de marzo de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regula a convocatoria e selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa “EduExchanges” de intercambio de alumnado con centros educativos doutros países da Unión Europea durante o curso 2017/2018, esta Dirección Xeral

RESOLVE

Primeiro-. Publicar no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal> a listaxe definitiva -que figura no Anexo I desta Resolución- de centros admitidos, suplentes e excluídos para participar no programa *EduExchanges* de intercambio de alumnado.

Segundo-. Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018


Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

